
Servizo de realización, implementación e mantemento dunha app para o emprendemento en cooperativa, para a Unión de Cooperativas EspazoCoop

Condicións de contratación

OBXECTO DO CONTRATO

Convócase un concurso público para a contratación dun servizo de desenvolvemento, implementación e mantemento dunha aplicación dixital app que dea apoio aos procesos de emprendemento en cooperativa, no marco do Convenio de colaboración 2023 de EspazoCoop coa Deputación de A Coruña

PROCEDEMENTO

Procedemento de adxudicación aberto e simplificado, para as cooperativas socias da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

CONTRATANTE

A Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.

CONTIDO DO SERVIZO

O servizo ten por obxectivo dar apoio aos procesos de emprendemento en cooperativa. Unha ferramenta que permita ás usuarias realizar unha autodiagnose do seu proxecto, acceder a recursos e ferramentas, entrar en contacto con outras emprendedoras, manterse actualizada e informada. As destinatarias desta aplicación TIC serán, nomeadamente, persoas en proceso de busca de emprego, persoas interesadas en incorporarse ao mercado de traballo a través do emprendemento colectivo, grupos promotores de cooperativas, profesionais autónomos e tecido sociocomunitario interesados en compartir servizos, recursos, investimentos, etc, a través do modelo de emprendemento cooperativo.

O servizo contempla as seguintes prestacións:

- Deseño da aplicación, adaptado á entidade corporativa de Espazocoop, ás necesidades específicas da actividade e cunha identidade exclusiva para os distintos formatos no que se faga uso da mesma (escritorio, tableta e móbil).
- Maquetación da app na que se inclúa as seccións, contidos e o seu etiquetado para a mellora do seu posicionamento en buscadores, referenciais legais e alta en aplicacións de localización e análise de datos.
- Reserva de dominio web
- Servizo de aloxamento da aplicación.

- Creación e actualización de formularios, informes tipo e outras utilidades de interese para unha óptima realización de autodiagnose por parte das persoas usuarias da aplicación, vinculadas a procesos de emprendemento en cooperativa.
- Seguimento e mantemento da aplicación para incorporar melloras e garantir un óptimo funcionamento da mesma.
- Utilización do galego nos contidos da aplicación e na xestión documental do servizo.
- Elaboración dun informe final, que avalie a prestación do servizo.
- Coordinación con Espazocoop durante a prestación do servizo

PRAZO DE EXECUCIÓN

O servizo comezará ao día seguinte da comunicación da adxudicación do contrato do servizo e rematará o 15 de Decembro de 2023.

ORZAMENTO

Importe máximo do orzamento do servizo **3.950,00 €** (IVE non incluído).

PREZO DA OFERTA ECONÓMICA

As licitadoras ao formular as súas propostas económicas, incluírán nas mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto deba indicarse como partida independente.

No prezo da oferta económica estarán incluídos todos os gastos que supoña a realización do traballo - persoal, impostos, medios técnicos e materiais, desprazamentos e xestións, entres outros-.

O prezo do contrato non sufrirá ningunha variación ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que por virtude de disposicións laborais se modificaran os salarios, cotas da Seguridade Social, ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

Cada licitadora non poderá presentar máis dunha proposta. A mesma deberá detallar o importe das partidas que compoñen o prezo total, así como o IVE en vigor, e o importe total en euros.

A proposta económica a presentar por cada licitadora tamén deberá axustarse ao modelo incluído como **Anexo I** deste documento de condicións de contratación.

A oferta tamén deberá conter a xustificación da proposta e a estratexia para a implementación do servizo, na que se definan os obxectivos a acadar, incluíndoas na proposta técnica. Na mesma valorarase o grao de

definición e detalle, plan de traballo e programación, grao de innovación e/ou orixinalidade da proposta, adecuación dos recursos materiais e cadros de persoal ao servizo, melloras presentadas sobre “Contidos do Servizo” establecidos.

Cando corresponda, deberá presentarse, ademais, documentación vinculada a outros criterios de adxudicación e melloras:

+ Experiencia profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: Acreditarase cos currículos vitae de cada profesional proposto, debida e individualmente asinados e a correspondente acreditación documental da titulación e/ou experiencia profesional.

O seguro de responsabilidade profesional que cubra cando menos o importe total do prezo do servizo adxudicado, acreditarase con copia fiel da póliza contratada onde figure dito importe asegurado.

+ Proposta Técnica: Recollerase na mesma entre outra información e se é o caso, a porcentaxe sobre o orzamento total de adxudicación do servizo que vai supor a subcontratación con empresas de economía social e solidaria.

+ Medidas de Responsabilidade Social: Acreditaranse a través de documentos como Balance Social; Auditoría Social; Plan de Igualdade e/ou Memoria de Sustentabilidade. O anterior sen prexuízo de solicitar a acreditación da colaboración con outras entidades, se é caso, á entidade que obteña a mellor puntuación.

As ofertas deberánse presentar en formato electrónico a través do email ramon@espazo.coop con aviso de recibo, sendo como prazo **até o día 7 de Agosto de 2023 ás 14 horas**.

MESA DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN

A mesa de contratación estará constituída por tres persoas pertencentes ao equipo técnico de EspazoCoop.

Avaliaranse as propostas recibidas de forma obxectiva e segundo os criterios para a adxudicación do contrato. Proporá a adxudicación a favor da licitadora que maior puntuación obteña polos criterios e melloras incluídas. No caso de empate entre dúas ou máis ofertas, será concedido un novo prazo de tres días hábiles para presentación de melloras, mantendo os criterios para a adxudicación.

A adxudicación ou non do contrato notificarase a través de correo electrónico ás licitadoras e publicarse na web de EspazoCoop.

No caso de que o órgano de contratación estime preciso verificar a personalidade xurídica, capacidade de obrar, o apoderamento, ou se a prestacións do contrato están dentro do seu obxecto social, fins ou ámbito de actividade, poderá requirir á licitadora para que presente a correspondente documentación acreditativa dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel do envío do requerimento. O mesmo realizarase en todo caso á empresa que obteña a mellor puntuación mediante comunicación electrónica.

CRITERIOS E MELLORAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Ser cooperativa afiliada a EspazoCoop	4 puntos	Máx. 20%
Ser cooperativa non afiliada a EspazoCoop	2 puntos	
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción	1 punto	
Experiencia profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: - Experiencia + Garantías da Entidade e Currículo Vitae das persoas socias (3) - Traballos anteriores satisfactorios con EspazoCoop (2) - Cooperativa de nova creación (1)	Ata 4 puntos	Máx. 15%
Proposta Técnica con inclusión de melloras (Se a proposta é a iniciativa da cooperativa socia resérvase 2 puntos)	Ata 6 puntos	Máx. 25%
Grao de Intercooperación: - Proxecto de intercooperación con outras socias - Intercooperación en redes: Coop57 Galicia, Reas Galicia, etc. - Grao de participación nas actividades da Unión de Cooperativas EspazoCoop	Ata 1 punto	Máx. 10%
Oferta Económica	Ata 4 puntos	Máx. 20%
Medidas de Responsabilidade Social: Balance Social, Plans de Igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respetuosos coa contorna, Memorias de Sustentabilidade, colaboración con entidades sociais, e aquelas que se propoñan na propia proposta.	Ata 1 punto	Máx. 10%

MELLORAS A VALORAR

Existencia dun seguro de responsabilidades profesionais.

No non previsto no presente prego, aplicarase o contemplado no procedemento interno de contratatación de EspazoCoop, que poderase descargar na sección de "Transparencia" da web da Unión: [aquí](#)

PROPIEDAD E PROTECCIÓN DOS RESULTADOS DOS TRABALLOS

Todos os materiais, resultados e traballos realizados ao abeiro do contrato pertencerán á Unión de Cooperativas Espazocoop. Os dereitos de autoría e calquera outro dereito de propiedade sobre os traballos realizados, a excepción de aqueles sobre os que exista algún dereito preexistente, pertencerán única e exclusivamente a dita Unión.

CONFIDENCIALIDADE

A licitadora ou adxudicataria deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, queda expresamente obrigada:

+ A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela.

+ A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei; esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato.

+ A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.

+ A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

O pagamento do prezo do contrato efectuarase previa presentación, por quen sexa contratista, das correspondentes facturas. As facturas emitiranse por acordo entre a adxudicadora e adxudicataria, sendo unha delas á finalización dos servizos.

Terán carácter contractual, alén do propio contrato de servizos, este documento de condicións de contratación e o protocolo de contratación de servizos da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

INFORMACIÓN VINCULADA Á PRESTACIÓN DO SERVIZO

CADROS DE PERSOAL

O equipo de persoas e materiais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da empresa ou entidade adxudicataria.

A empresa licitadora deberá presentar na súa oferta o equipo de traballo que levará a cabo o servizo se resulta adxudicataria do contrato. Este equipo de traballo estará liderado por unha persoa coordinadora de

proxecto que actuará como única interlocutora ante a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

A empresa que resulte adxudicataria deberá acreditar, mediante currículo, os perfís profesionais do equipo de traballo que prestará os servizos, e indicará as funcións que desenvolverá cada un dos membros do equipo. Para a realización das prestacións obxecto do servizo, a empresa adxudicataria deberá adscribir ao contrato a persoas con formación e/ou experiencia demostrábel de como mínimo 5 anos nas devanditas prestacións e que deberán acreditar.

Na proposta técnica especificarase o volume de subcontratación e os recursos propios postos a disposición. No caso de que se subcontraten entidades, valorarase que sexan empresas da Economía Social.

A Unión de Cooperativas EspazoCoop resérvase o dereito a solicitar o cambio de calquera das persoas compoñentes do equipo de traballo da empresa adxudicataria, no caso de considerar que non se adapta ao perfil ou calquera outro motivo técnico na formación ou calidade dos traballos desenvolvidos.

RECURSOS MATERIAIS

O prezo do contrato incluírá igualmente os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento do servizo. As empresas ou entidades adxudicatarias porán a disposición do servizo os medios materiais, técnicos e de instalacións necesarios para levar a cabo as prestacións obxecto do servizo, garantindo o seu mantemento durante toda a vixencia do contrato. Así como seguros de responsabilidade civil profesional, e demais seguros necesarios para a realización das distintas prestacións do servizo.

DIRECCIÓN E SEGUIMIENTO DOS TRABALLOS

A dirección deste servizo por parte da Unión de Cooperativas Espazocoop recaerá na persoa designada pola entidade. A empresa adxudicataria designará, de entre o seu equipo de traballo, a unha persoa que estará encargada da relación coa Unión de Cooperativas Espazocoop, a efectos de estar coordinados, e de trasladar todas as instrucións e pautas de seguimento que a Unión estime oportunas para a correcta execución do traballo.

A adxudicataria non poderá efectuar ningunha modificación no programa dos traballos ofertados sen a previa autorización da Unión de Cooperativas Espazocoop.

Durante a execución dos traballos obxecto deste contrato, a empresa adxudicataria comprométese a facilitarlle en todo momento á Unión de Cooperativas Espazocoop e, se é o caso, ás persoas designadas por esta para tales efectos, a información e documentación que soliciten para dispoñer dun pleno coñecemento e circunstancias nas que se desenvolvan os traballos, así como dos eventuais problemas que poidan presentarse e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizadas para resolvelos.

A empresa deberá asistir a todas cantas reunións de coordinación e seguimento sexan convocadas pola Unión de Cooperativas Espazocoop.

IMAXE CORPORATIVA

No material e contido realizado en execución deste contrato deberá incluírse a imaxe de EspazoCoop e da Deputación de A Coruña.

CONSULTAS

As licitadoras poderán dirixirse, para as súas consultas, ao teléfono 687 324 784 ou ao correo electrónico ramon@espazo.coop Persoa de contacto: Ramón Carmelo

En Santiago de Compostela, 28 de Xullo de 2023.

Asdo : M^a del Mar Pernas Márquez
Apoderada da Unión de Cooperativas EspazoCoop

ANEXO I
MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

(Nome da persoa representante) , con DNI..... en nome e representación de, S. Coop. Galega con domicilio en provincia de coñecedor/a das condicións e requisitos que se esixen para a adjudicación, en procedemento aberto regulado no protocolo interno de contratación de EspazoCoop, do contrato , comprométese en nome de (*en nome propio ou da Empresa a quen representa*), a tomar ao seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións e pola CANTIDADE de € á que se engadirá, o IVE correspondente. (*)

(*) Na proposición deberá indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido

..... dede

Data e Sinatura da LICITADORA